

CONTRA
A
POBREZA



**Propostas para
a creación de emprego
na comarca da Coruña**

***Emprego e
salarios
dignos***



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

DESEMPREGO E PRECARIIDADE NA COMARCA DA CORUÑA

A crise económica fixo avanzar a máis velocidade o desmantelamento do tecido industrial existente e dos sectores produtivos básicos na nosa comarca, demostrando o fracaso dunha estrutura empresarial asentada no sector servizos e nas grandes superficies comerciais; exemplos de explotación, precariedade laboral e dun modelo desconectado da economía produtiva que levou a nosa comarca a converterse nun verdadeiro **deserto industrial**.

	2010	2011	2012	2013	2014	variación
Total	212,9	215,6	214	214,5	219	6,1
Activos/as	122,5	124	125	123,9	121,8	-0,7
Poboación ocupada	104,6	104,6	106,1	102,3	100,6	-4,0
Poboación parada	17,9	19,4	18,9	21,7	21,1	3,2
Poboación inactiva	90,4	91,6	89	90,6	97,3	6,9

Fonte: EPA. INE

A realidade é que na cidade da Coruña a poboación activa baixou en 700 persoas, que hai 4.000 persoas ocupadas menos e que a poboación desempregada aumentou en 3.200 persoas, tendo na actualidade unha taxa de paro do 17,4%, que se incrementou nestes anos 2,8 puntos. Son datos sacados da EPA e do INE e que reflicten, en relación ao período analizado 2010/2014, que as medidas adoptadas polos gobernos neoliberais, nomeadamente as distintas reformas laborais, non contribuíron á creación de emprego.

Se analizamos a **poboación ocupada segundo o sector de actividade** temos:

	2010	2011	2012	2013	2014	Variación
Total	104,6	104,6	106,1	102,3	100,6	-4,0
Agricultura e pesca	0,5	0,3	0,3	0,6	1	0,5
Industria	11	9,9	9,3	10,5	9,8	-1,2
Construción	6,4	5,6	6	4	3,6	-2,8
Servizos	86,7	88,8	90,5	87,1	86,3	-0,4

Fonte: EPA.INE

O sector da construción foi o que máis emprego perdeu neste período, 2.800 postos de traballo menos; é dicir, un 70% do emprego destruído desde o ano 2010 foi neste sector. Na industria hai 1.200 empregos menos, sendo o segundo sector máis prexudicado.

Os/as **ocupados/as segundo a categoría profesional** na cidade da Coruña:

	2010	2011	2012	2013	2014	Variación
Total	104,6	104,6	106,1	102,3	100,6	-4,0
Empresario (con ou sen asalariados)	18	15,1	18,3	16,4	18,7	0,7
Asalariado do sector público	23,1	24,4	23,7	21,5	20,8	-2,3
Asalariado do sector privado	63,4	65	64	64,1	60,3	-3,1
Outras situacións	0,2	0,2	0,2	0,3	0,7	0,5

Fonte: EPA.INE

Como se pode ver polo cadro comparativo, todo o emprego que se destruíu foi entre o sector público (con 2.300 empregos menos) e o privado (3.100 asalariados/as menos), perdéndose 5.400 postos de traballo.

As **taxas de actividade, ocupación e paro** na cidade da Coruña:

	2010	2011	2012	2013	2014	Variación
Taxa actividade	57,5	57,5	58,4	57,8	55,6	-1,9
Taxa ocupación	49,1	48,5	49,6	47,7	45,9	-3,2
Taxa paro	14,6	15,7	15,1	17,5	17,4	2,8

Fonte:EPA.INE

A taxa de ocupación descendeu 3,2 puntos, acadando o 45,9% da poboación con máis de 16 anos, pola contra a taxa de paro medrou 2,8 puntos ata acadar o 17,4%.

Analizando os datos de **afiliación á Seguridade Social nos diferentes concellos da comarca** (datos a decembro de cada ano) temos que:

	2008	2010	2011	2013	2014	Variación	
						Absoluta	%
Galiza	1.023.448	965.904	942.425	891.380	916.247	-107.201	-10,5
A Coruña	158.448	150.850	148.129	141.661	142.271	-16.177	-10,2
Abegondo	2.345	2.183	2.124	1.989	2.052	-293	-12,5
Arteixo	13.551	12.905	12.628	12.411	12.650	-901	-6,6
Bergondo	2.600	2.429	2.367	2.235	2.261	-339	-13,0
Cambre	10.562	10.064	9.930	9.736	9.825	-737	-7,0
Carral	2.511	2.545	2.538	2.444	2.491	-20	-0,8
Coruña, A	95.143	89.770	88.077	83.554	83.474	-11.669	-12,3
Culleredo	12.586	12.272	12.125	11.704	11.828	-758	-6,0
Oleiros	13.533	13.182	13.033	12.467	12.571	-962	-7,1
Sada	5.617	5.500	5.307	5.121	5.119	-498	-8,9

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A afiliación á Seguridade Social descendeu un 10,2% na comarca da Coruña desde o ano 2008, mentres que en Galiza de media o descenso foi do 10,5%. A cifra de afiliados/as en decembro de 2014 sitúase en 142.271 persoas, e o maior descenso, en termos absolutos, produciuse no concello da Coruña con 11.669 afiliados/as menos, o que supón unha caída do 12,3%.

A **afiliación á Seguridade Social segundo o réxime de cotización** (a decembro de cada ano):

	2008	2010	2011	2013	2014	
Total	158.448	150.850	148.129	141.661	142.271	-16.177
Réxime xeral e minería do carbón	124.914	118.855	116.697	108.712	108.968	-15.946
Réxime especial de autónomos	28.062	26.676	26.359	26.436	26.797	-1.265
Réxime especial agrario	157	196	219	180	231	74
Réxime especial do mar	1.167	1.099	915	836	835	-332
Réxime especial empregados do fogar	4.148	4.024	3.939	5.497	5.440	1.292

Fonte.: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A maioría da afiliación que se perdeu neste período correspóndese co réxime xeral, aínda que tamén no réxime especial de autónomos/as e no do mar se perdeu afiliación.

En canto ao **paro rexistrado por concellos da comarca**

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Variación	
								Absoluta	%
A Coruña	21.308	27.962	30.742	32.567	36.641	37.517	35.386	14.078	66,1
Abegondo	255	322	364	382	426	465	425	170	66,7
Arteixo	1.910	2.619	2.851	3.045	3.457	3.467	3.219	1.309	68,5
Bergondo	331	419	434	493	588	617	562	231	69,8
Cambre	1.237	1.657	1.815	1.933	2.201	2.285	2.193	956	77,3
Carral	250	344	378	404	459	460	426	176	70,4
Coruña, A	13.671	17.705	19.510	20.591	23.038	23.535	22.256	8.585	62,8
Culleredo	1.496	2.012	2.234	2.406	2.709	2.794	2.608	1.112	74,3
Oleiros	1.461	1.931	2.119	2.222	2.551	2.624	2.496	1.035	70,8
Sada	697	953	1.037	1.091	1.212	1.270	1.201	504	72,3

Fonte: IGE.SEPE

No que atinxe á comarca da Coruña, e desde o ano 2008, o paro rexistrado aumentou un 66,1%, equivalente a 14.078 persoas rexistradas máis no SEPE, acadando a cifra de 35.386 desempregados/as. Sendo o concello da Coruña, con 22.256 desempregados/as, o que conta con un maior número de parados/as.

Por sectores o **paro rexistrado** danos as seguintes cifras:

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Variación	
								Absoluta	%
Paro total	21.308	27.962	30.742	32.567	36.641	37.517	35.386	14.078	66,1
Agric/Pesca	377	365	389	421	478	536	516	139	36,9
Industria	2.925	3.724	3.881	4.091	4.432	4.279	3.972	1.047	35,8
Construción	1.912	3.587	4.043	4.513	4.993	4.648	4.013	2.101	109,9
Servizos	14.093	18.212	19.561	20.356	23.674	25.329	24.231	10.138	71,9
Sen emprego anterior	2.000	2.074	2.872	3.188	3.068	2.726	2.655	655	32,8

Fonte: IGE.

Na construción aumentou o desemprego un 109,9%, moi por enriba do 66,1% da media. En termos absolutos, o sector servizos foi duramente castigado pola crise, nel hai rexistrados/as 10.138 desempregados/as. Entre os/as que acceden por primeira vez a un posto de traballo o desemprego medrou en 655 persoas, acadando 2.655 persoas.

A **evolución do tecido empresarial** na nosa comarca reflicte unha situación preocupante se analizamos o número de empresas por ramas de actividade:

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2013-2008
Total	40714	41090	41198	40702	40022	39138	-1576
2 Industria, incluída a enerxía	2432	2419	2363	2315	2242	2158	-274
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	19	18	16	16	16	15	-4
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	2317	2313	2248	2202	2120	2042	-275
D ENERXÍA ELÉCTRICA...	41	39	60	55	57	50	9
E AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO	55	49	39	42	49	51	-4
3 Construción	6118	6056	5831	5589	5334	4934	-1184
F CONSTRUCCIÓN	6118	6056	5831	5589	5334	4934	-1184
4 Servizos	32164	32615	33004	32798	32446	32046	-118
G COMERCIO POR XUNTO. REPARACIÓN DE VEHÍCULOS	11004	11114	11116	10818	10695	10491	-513
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	2269	2248	2250	2210	2169	2113	-156
I HOSTALARÍA	3327	3325	3411	3417	3377	3337	10
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	619	674	721	753	747	782	163
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	1191	1213	1240	1190	1237	1259	68
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	885	872	916	976	1031	1125	240
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS	5635	5856	6002	6034	5796	5770	135
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS	2286	2207	2191	2079	1948	1655	-631
P EDUCACIÓN	780	835	898	939	1006	1115	335
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	1530	1583	1588	1629	1722	1728	198
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS	860	882	869	859	818	823	-37
S OUTROS SERVIZOS	1778	1806	1802	1894	1900	1848	70

Segundo os datos do IGE existían 40.714 empresas inscritas na comarca no ano 2008, actualmente hai 1576 menos que ao inicio da crise. A construción foi o sector que máis tecido produtivo destruíu, con 1.184 empresas menos. Dentro da industria destaca o descenso de industrias manufactureiras con 275 empresas inscritas menos. O sector servizos no seu conxunto perdeu 118 empresas, dándose unha evolución moi distinta entre as diferentes ramas de actividade. Destaca o forte descenso de empresas do pequeno comercio e reparación de vehículos (513 empresas menos), así como de actividades administrativas (631 menos). Pola contra, aumentaron as empresas dedicadas a actividades sanitarias en 198 empresas, e igualmente obsérvase un incremento de 335 novas empresas en educación. Sen dúbida, este incremento está relacionado coa privatización de determinados servizos públicos na sanidade e no ensino por parte do Goberno da Xunta de Galiza.

MEDRA A DESIGUALDADE E PERDE PODER ADQUISITIVO A CLASE TRABALLADORA.

Analizando os datos da Axencia Tributaria relativos á Provincia da Coruña, que utiliza para o estudo a Declaración Anual de Retencións e ingresos, observamos que:

A CORUÑA	2007		2009		2011		2013	
Tramos de salario	Asalariados/as	Salario Medio Anual	Asalariados/as	Salario Medio Anual	Asalariados/as	Salario Medio Anual	Asalariados/as	Salario Medio Anual
Total	473.453	17.629	459.332	19.395	442.968	19.404	410.158	18.988
De 0 a 0,5 SMI	63.531	1.713	60.781	1.938	63.696	1.945	67.631	1.894
De 0,5 a 1 SMI	50.374	6.082	51.730	6.598	51.264	6.789	49.250	6.820
De 1 a 1,5 SMI	63.293	10.110	61.152	11.032	58.390	11.329	52.316	11.398
De 1,5 a 2 SMI	96.104		85.828	15.367	79.862	15.775	69.079	15.880
De 2 a 2,5 SMI	63.185	17.742	60.284	19.397	57.831	19.946	52.195	20.104
De 2,5 a 3 SMI	34.781	21.782	35.261	23.821	34.320	24.561	30.720	24.718
De 3 a 3,5 SMI	24.035	25.924	25.545	28.327	25.827	29.089	24.717	29.287
De 3,5 a 4 SMI	19.006	29.915	19.239	32.666	19.302	33.541	18.266	33.772
De 4 a 4,5 SMI	15.729	33.890	15.897	37.084	15.560	38.061	14.148	38.189
De 4,5 a 5 SMI	12.017	37.712	12.952	41.361	10.120	42.446	8.463	42.709
De 5 a 7,5 SMI	22.020	47.438	21.867	51.593	19.192	53.248	17.092	53.834
De 7,5 a 10 SMI	5.876	68.109	5.619	74.459	4.890	76.102	4.060	76.497
Más de 10 SMI	3.502	125.193	3.177	136.059	2.714	144.064	2.221	157.096

Fonte: Axencia Tributaria

Desde o ano 2009 a 2013 reducíronse os ingresos salariais declarados a Facenda nun 2,09% na provincia da Coruña, 407€ menos. No mesmo período a inflación (medida a través do IPC) en Galiza foi do 9%, polo que **a perda do poder adquisitivo da clase traballadora galega foi do 11%.**

Con respecto ao ano 2009 **(2009/2013) tan só aumentou o colectivo que gana igual o menos que a metade do SMI (67.631 asalariados/as).** O que nos dá unha idea do tipo de emprego que se xerou nestes anos na provincia da Coruña.

O 58,09% (238.276 asalariados/as) da clase traballadora tivo uns ingresos salariais inferiores ao salario medio (na provincia 18.988€).

O 28,49% ten ingresos salariais anuais iguais ou inferiores a 1 SMI (116.881 traballadores/as).

O 16,48% ten ingresos por debaixo da metade do SMI (1.894 € ano)

2.221 asalariados/as superan 10 veces o SMI, un 0,54% do total dos asalariados.

Os datos anteriores indícanos:

A crise non só se levou por diante na nosa comarca miles de postos de traballo, senón que **as reformas que se implantaron neste período, coa fin de crear emprego e saír da crise, o que conseguiron, entre outras cuestión, foi mudar substancialmente as condicións salariais e laborais da maioría que conservou o emprego.**

Analizando as percepcións salariais dalgún colectivo de traballadores/as dubidamos de se realmente se poden considerar poboación ocupada os/as 67.631 traballadores/as (177.543 na Galiza) que durante o ano 2013 ingresaron un salario bruto anual de como máximo 1.894 €/ano (na Galiza 1.872 €), é dicir 157€/ ao mes. Nós non creemos que estes traballadores se poidan considerar ocupados/as, na práctica están no paro e é a poboación desempregada á que habería que sumalos. Se se fixera este cálculo en Galiza teríamos un taxa de paro do 35,8%.

A perda de salario e de calidade de emprego está a ser tal que hoxe aínda tendo un “emprego” un traballador/a corre o risco de caer na pobreza.

FALLA DUNHA POLÍTICA INDUSTRIAL QUE APROVEITE AS POTENCIALIDADES DOS NÓSOS SECTORES PRODUCTIVOS

A pouca industria coa que contamos reflicte un tecido industrial pouco desenvolvido con **presenza de industrias de enclave que non permiten o aproveitamento do ciclo produtivo completo. Precisamos dunha política industrial que impulse e desenvolva todas as potencialidades industriais que ten a nosa comarca** que, xerando as sinerxías adecuadas, sirvan para a reactivación da económica e a creación dun emprego estábel e de calidade.

No sector téxtil, A Coruña comarca é indubidabelmente berce de varias firmas do sector da moda e os seus complementos, boa mostra disto é: Grupo Inditex, Alba Conde, Kina Fernández, Nanos ou Caramelo. Pese a esta realidade, no que ten a ver co proceso produtivo, A Coruña queda relegada ao deseño da prenda e ao proceso do último pasado de ferro, etiquetado e distribución da prenda; é dicir, temos exclusivamente un centro de loxística a través do que distribuír ao mercado prendas confeccionadas a quilómetros da Coruña. É indiscutíbel que esta Comarca conta coa infraestrutura material: solo industrial, instalacións, maquinaria, etc., e tamén con medios humanos: persoal cualificado en todas as fases do proceso de confección. Logo, falta a aposta pública e decida para atraer o proceso de elaboración das prendas de vestir e dos seu complementos até a súa distribución ao mercado.

Até agora vimos como desde o Goberno se dispón de axudas públicas ás empresas do sector para procesos de deslocalización, externalización e ampliación de mercado destas empresas pero sen que isto redundara na creación de emprego, senón todo o contrario. Estas decisións políticas serviron unicamente para facilitar o peche das cadeas de confección coa consecuente perda de postos de traballo. Logo, definitivamente propomos investir ese apoio de cartos públicos na recuperación do proceso de elaboración das prendas de vestir desde o seu deseño até a elaboración de prototipos, patronaxe, corte.... etc., como garantía de creación de emprego no sector do téxtil e da confección.

A Industria Siderometalúrxica, ou industria pesada como o caso de **Alcoa ou Celsa** (A Laracha), deben completar o seu ciclo produtivo aquí. No caso de Alcoa, diversificando a súa produción e completando o ciclo do alumino na nosa comarca. E no caso de Celsa hai que apostar pola conversión nunha grande aceiría que puidese elaborar o proceso primario de fundición para logo proceder a elaboración e a comercialización doutros produtos.

As políticas públicas deberían impulsar a especialización de industrias como **Emesa** cara a fabricación de estruturas singulares, aproveitando o alto grao de especialización, formación e experiencia do seu cadro de persoal. Do mesmo xeito a inversión pública debería de contribuír á diversificación da produción en industrias cun alto potencial de desenvolvemento como o caso de **Ferroatlántica de Sabón**, abríndose a novos campos non só producindo ferroaleacións senón tamén abordando e completando o ciclo produtivo para a fabricación de produtos de silicio fotovoltaicos.

No caso de **Ferroatlántica de Cee**, seguimos a demandar a non segregación e que os beneficios xerados, fundamentalmente pola explotación hidroeléctrica, non se utilicen para que a empresa invista noutras partes do mundo –Canadá, China- e repercutan directamente nunha maior inversión nas propias instalacións (novo forno de Dumbría) para a xeración directa de emprego.

O Sector da pesca na nosa comarca sufriu no seu momento as consecuencias da entrada na UE, que supuxo practicamente o desmantelamento do sector no porto da Coruña. Non hai nin desde o Goberno Español, nin desde a Xunta de Galiza, unha política de apoio ao sector pesqueiro, tanto de altura, como de baixura ou marisqueo. A potencialidade deste sector é inmensa, mais faise necesario a posta en marcha de alternativas claras que contribúan á recuperación do sector.

Faise necesario e urxente dotar ao Porto Exterior de todas as infraestruturas necesarias para facelo verdadeiramente operativo. Non se pode só falar dun traslado de lugar dun porto interior a outro exterior para a instalación das mesmas industrias. O Porto Exterior ten que concibirse como un auténtico revulsivo económico para a cidade e a súa comarca. O seu funcionamento ten que implicar novas rutas de tráfico marítimo. É fundamental dotalo de conexión para o tráfico de mercadorías e de persoas, entre as que non pode faltar a ferroviaria. A posta en funcionamento do Porto Exterior non pode significar a desaparición da actividade económica do porto actual como lugar de actividade comercial e de pesca que xera riqueza.

As políticas levadas adiante no sector público por parte dos Gobernos do PP traducíronse nun recorte dos dereitos laborais, na paralización da oferta pública de emprego e na negativa a cubrir as vacantes que se ían producindo por xubilacións ou baixas, o que vén ocasionar un deterioro dos servizos públicos e unha perda importante de emprego.

Na sanidade , asistimos a unha verdadeiro desmantelamento da Sanidade Pública, con unha importante repercusión na nosa comarca; máis de 200 camas foron pechadas no verán, un peche que afectou a moitos servizos (Paliativos, Lactantes) cando non a servizos completos (Neurocirurxía, Xinecoloxía..). Pese a nova ampliación do servizo de urxencias do CHUAC, este non foi dotado cos e coas profesionais necesarios e necesarias polo que a atención dos/das doentes que acoden a este servizo segue a ser insuficiente. Continúan os recortes de persoal e de prestacións nos Centros de Orientación Familiar da Coruña provocando esta falta de persoal, dificultades e atrasos no acceso das mulleres a prestacións básicas (anticoncepcións, revisións xinecolóxicas,...).

No Ensino o incremento do horario lectivo do profesorado e os recortes de docentes, especialmente nas áreas de atención educativa especial, supuxeron unha clara merma da calidade educativa.

Faise pois, necesario a posta en marcha na nosa comarca dun PLAN DE INDUSTRIALIZACIÓN E EMPREGO, que sirva para tirar da exclusión social e do desemprego ás persoas que hoxe viven nunha situación de auténtica emerxencia social e poña freo á sangría da emigración.

PROPOSTAS DA CIG PARA A CREACIÓN DE EMPREGO NA COMARCA DA CORUÑA

PROPOSTAS XERAIS

- Derrogación das reformas laborais da reforma colectiva e das pensións
- Implantación dunha Tarifa Eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico, unha enerxía máis barata para o consumo doméstico e para o uso industrial.
- Creación de unha banca pública galega
- Creación dun salario de inserción laboral e social, dirixido a todas aquelas persoas desempregadas que non cobren outro tipo de prestación pública.
- Fin dos desafiuzamentos e políticas públicas para facilitar o acceso social á vivenda
- Apoio ás persoas con isolvencia económica derivada da perda de emprego, para evitar que perdan a súa vivenda, así como as consecuencias económicas derivadas da aplicación da actual Lei Hipotecaria.
- Fomento da vivenda social en réxime de alugueiro, de contía inferior ao 30% dos ingresos totais da unidade familiar, utilizando vivendas baleiras de titularidade e xestión pública, así como as vivendas propiedade da banca nacionalizada.
- Garantir o acceso ao servizo de auga e luz para aquelas persoas carentes de recursos económicos.
- Axilización e flexibilización dos procedementos de concesión da renda de integración social de Galiza (Risga)

PROPOSTAS ESPECÍFICAS PARA A COMARCA

INFRAESTRUTURAS

- As grandes infraestruturas da nosa comarca e en especial o Porto Exterior en Punta Langosteira deben de ser postas ao servizo do desenvolvemento real e a creación de emprego digno. Faise necesario e urxente dotar de todas as infraestruturas precisas para a súa posta en funcionamento, nomeadamente dotalo de conexión para o tráfico de mercadorías e de persoas, entre as que non pode faltar a ferroviaria.
- Potenciación conxunta dos cinco portos principais (Vigo, A Coruña, Ferrol, Marín e Vilagarcía) para a captación de tránsitos no exterior, evitando a competencia entre eles e fomentando a súa complementariedade.
- En relación coa Vía Ártabra, conexión coa A-6 e a A-9

SECTOR INDUSTRIAL

- Demandamos políticas públicas que impulsen e desenvolvan todas as potencialidades industriais que ten a nosa comarca favorecendo o aproveitamento completo dos ciclos produtivos nos diferentes sectores con presenza na comarca,
- O Goberno galego ten que apoiar as pequenas e medianas empresas que aposten polos produtos de calidade e deseño propio, como produto diferenciado.
- Nas convocatorias de axudas públicas serán penalizadas aquelas empresas que recorran á deslocalización da produción.

POLITICA DE I+D+i

- Adopción de medidas que permitan ás pequenas e medianas empresas participar en proxectos de I+D+i.
- Apoio e colaboración entre a UDC, centros de formación profesional e as empresas da comarca para crear sinerxías que permitan aproveitar o I+D que produce o noso sistema universitario.

MEDIOAMBIENTE

- Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dun proxecto lei de reforma da Lei de residuos de Galiza, baseada no rexeitamento á incineración e centrada na minimización da produción dos residuos, na súa reutilización e reciclaxe.
- Recuperación da concesión pública do complexo de Nostián e xestión pública do mesmo por parte do Concello da Coruña e dos concellos da área metropolitana para conseguir unha maior rendibilidade e eficacia na labores de reciclaxe e compostaxe, o que redundaría nunha importante industria xeradora de máis postos de traballo tanto directos como indirectos. Facendo de Nostián un auténtico centro de tratamento de residuos, de compostaxe, reciclaxe e reutilización.

SECTOR COMERCIO

- Apoio ao pequeno comercio cunha regulación dos horarios que lles sexa favorábel, e limitación da implantación das grandes superficies comerciais.
- Campaña permanente sobre a necesidade de consumir produtos e servizos elaborados en Galiza, como forma de manter e crear emprego no noso país, comezando por facer efectiva esta medida as propias institucións, organismos e empresas públicas, a todos os niveis.
- Potenciación e recuperación das feiras, dos mercados municipais e as zonas comerciais tradicionais, que os poderes públicos faciliten a comercialización dos nosos produtos primarios en circuitos curtos para garantir o máximo beneficio ás persoas produtoras e que a actividade agrícola sexa un elemento de creación de emprego e de dinamización económica.
- Potenciación das empresas galegas de distribución, vinculándoas coa produción manufacturera local, as denominacións de orixe, a identidade e a calidade do produto e a promoción do mercado interno.
- Establecer liñas de crédito prioritarias para o comercio de proximidade.

EMPREGO E SERVIZOS PÚBLICOS

- Reposición do 100% dos postos de traballo da administración pública afectados por xubilacións, así como substitucións de persoal de baixa.
- Posta en marcha un plan de funcionamento dos centros hospitalarios en quenda de tarde, ampliación dos cadros de persoal e substitución efectiva de todas as ausencias.

- Eliminación da xornada complementaria na sanidade pública
- Aplicación estrita do réxime legal de incompatibilidades aos/as profesionais sanitarios.
- Aumento de escolas infantís públicas para garantir unha oferta suficiente de prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos
- Incremento e ordenación da oferta de ciclos formativos no ensino público que satisfaga a demanda existente, para facilitar o emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratéxicos do tecido industrial e produtivo galego
- Fornecemento aos centros de ensino de suficiente profesorado, reducir o número de alumnado por aula, satisfacer a atención á diversidade por aula e actuar contra o fracaso e o abandono escolar para acadar a máxima calidade posíbel. Garantir persoal administrativo, de coidados, de educación social e outros profesionais en todos os centros onde sexan necesarios.
- Dotación a todos os centros educativos públicos dos servizos complementarios necesarios nomeadamente de comedores escolares.

CONSTRUCCIÓN

- Plan para a rehabilitación de vivendas con medidas como a mellora da eficiencia enerxética, mantemento e conservación de fachadas e acondicionamento dos cascos antigos.
- Na construción de edificios emblemáticos (públicos ou privados) e na decoración de interiores, fomentárase a mellora no deseño e a aplicación de materiais autóctonos (granito, lousa, madeira, decoración...)

TRANSPORTE

- No transporte de viaxeiros por estrada, creación dun servizo público de transporte que contemple os 10 concellos da comarca, a través dun Ente Público Comarcal que prohiba os solapamentos das liñas metropolitanas coas de grande percorrido.
- Posta en funcionamento a través do Ente Público de Transporte dunha liña regular de comunicación marítima que conecte A Coruña-Santa Cruz-Mera; A Coruña-Ferrol
- Creación dunha rede ferroviaria de cercanías a través da liña A Coruña-Betanzos_Oza dos Ríos – Curtis e a posta en marcha dos camiños de ferro A Coruña-Carballo-Corcubión.
- Construción da estación intermodal na cidade da Coruña

PESCA E MARISQUEO

- Plan integral de recuperación dos caladoiros do litoral, rías e bancos naturais de marisqueo, no cal se recollan paradas biolóxicas subvencionadas, recuperación do litoral e bancos marisqueiros afectados polos recheos ou outras accións contaminantes.
- Dragado, limpeza de lodos e rexeneración da Ría do Burgo, facendo unha aposta pola economía produtiva, polo potencial da ría como motor da reactivación económica da comarca e pola súa capacidade xeradora de emprego.
- Depuración de todos os residuos urbanos e industriais, creación de sementeiros de carácter público que permitan que as mariscadoras poidan acceder a este servizo que actualmente está en mans privadas.
- Modernización e impulso dos sistemas de transformación, comercialización e distribución dos produtos pesqueiros e potenciación dos sistemas de semicultivo dos areais, apostando por pequenos proxectos cooperativos con apoio científico técnico público.
- Aposta polo acceso aos caladoiros da nosa flota e medidas de apoio decidido ás diferentes flotas artesanais e de baixura

A Coruña, Febreiro do 2015